

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 25/06/1971

**Colección:**

**Data:** 25/06/1971

**De:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Destino:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Destino:**

Paseo de Ronda, 15 (de enderezo), A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

*Sempre en Galiza* [audición]; Artes; Emigración; Irmandiños; Medios de comunicación; Migracións; Premios; Radio; Vieira de Plata; Xornadas da Cultura Galega. Patronato da Cultura Galega de Montevideo;

**Mencionados:**

Victoria Armesto; Augusto Assía; Xesús Canabal; Xosé Luís Méndez Ferrín; Xosé Núñez Búa; Maruxa Seoane;

---

## Transcripción da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 25/06/1971

Montevideo, 25 de xuño de 1971

Sr. Don  
Luis Seoane  
Paseo de Ronda 15, 6º izq.  
A CRUÑA (Galicia)

Benquerido irmán:

Quero botar esta carta hoxe, aproveitando a saída do avión de Iberia. Fago, pois, atallando.

1 Nestas xvi Xornadas de Cultura Galega imos a publicar un libro de Núñez Búa, que é, no cerne, un pequeno compromiso moral pola nosa banda e a de Canabal. Tan logo salgamos destes festexos (nos que teremos gastos de abondo), ocuparémonos de H. Bens.

2 Prégolle que nos faga un grandeiro favore. Que fale con Victoria Armesto, pra decirlle que virá a Montevideo o día 1º de agosto con Augusto Assía, xa que queremos telos con nós no Xantar de confraternidade, onde se entregará a anual Viera de Prata á audición Sempre en Galiza, pola súa laboura en 20 anos a prol da cultura galega. Nesta esmorga (que vostede sabe ben que non lle damos un senso de trangallada), queremos que interveña Augusto Assía, en galego, tocando temas socio-económicos da Terra. En canto a Victoria, desexamos que desenrole a conferencia de Os irmandiños, en galego na Asociación Universitaria (non no Paraninfo, xa que o forno non está para bolos..). Isto é moi importante, xa que en Bos Aires fará a devandita parola en castelán. Nós vamos a tiduar a conferencia así: A insurreución dos irmandiños. Será o día seguinte, ou sexa, o 2 de agosto. Fállelle tamén do trocamento do tiduo.

3 Estamos agardando nestos días a revisión derradeira da Aduana (houbo outro atraso por unha perda, no Banco da República, dun certificado que tivemos que sacar de novo), pra xa meternos de cheo á venda. Cáseque seguro levará o diñeiro un amigo en man, posto que eiquí agora os xiros están prohibidos.

Nada máis. Agardo a resposta axiña, pra podere confeccionare o programa e imprimilo. Recordos garimosos prá súa Maruxa de todos nós, e vostede reciba unha aberta moi fonda.

Pereira

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.